

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE MAIO DE 2008

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**219/08.- María Maza Pereira.-** Legaliz. de modificación do emprazamento de vivenda unifamiliar en Sta Lucía, Eixo.-

**1620/07.- Comunidade de Propietarios.-** Reforma de fachada na R/ García Lorca núm.4.-

**129/08.- Frutas Catedral, S.L.-**Nave sen uso específico na parcela C-22 do SUNP-34 de Boisaca.-

#### DENEGADAS.-

**135/08.- Rafael Souto Carlin.-** Construcción de escaleira na nave sita na Vía Pasteur núm.114.-

#### PARCELACIÓNS.-

**578/08.- Jorge Lorenzo Souto, en repr. De Elena Varela Vidal e Concepción Vidal Seoane.-** Segregación de parte de parcela sita no núm.42 de Volta do Castro para agregarlá á parcela da entidade TELCOR, S.A.. (+).-

**371/08.- Consuelo Calvo Noya.-** Parcela sita no Barrio de Guadalupe núm.28 (+).-

**425/08.- Ernesto Mareque Varela.-** Parcela sita no núm.3 da Rúa Pontepereda (-).

**470/08.- Luís Lugo Otero, en repr da Entidade Ibercelta S.L.-** Parcela sita na Rúa do Pino num.23 (+).-

#### DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

**537/08.- Inmobiliaria del Noroeste, S.L.-** .....Expte....366/99.....9.945,14 €.-

**645/08.- Souto Comavi, S.A.-**.....Expte..242/04.....12.000 €.-

**2196/07.- Cooperativa Os Salgueiros.-** ...Expte....1588/04.....Denegar.-

**646/08.- Viland Group, S.L.-** ....Expte...1996/04.....159.647,91 €.-

**536/08.- Colegio La Salle, Hnos Escuelas Cristianas.-** ...Expte..391/99....3.005,06 €.-

**520/08.- Otilia Barreiro Mira.-**.....Expte..622/04.....2.000 €.-

**523/08.- Jaime García Lorenzo.-**.....Expte...99/90.....1.412,38 €...(235.000 Ptas).-

#### AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

**206/07.- Aspas, Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual.-** Edificio de Servicios e Comedor no ámbito da parcela que a entidade ocupa na Rúa Teresa Jornet núm.19.-

#### APERTURAS.-

**Lap/362/04.- Garrote Metropolitana, S.L.-** Apertura de Perfumería e cosmética en Área Central, local 20-F.-

**Lap/136/07.- Amiocar, S.A.-** Concesionario e taller de automóviles en Amio, S/N.

**Lap/232/07.- A Cova do Feo.-** Restaurante na Rúa Cardeal Paya núm.5.-

### OCIHR

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**LIC/2052/2007. ANA ISABEL BREA BOTANA.-** Cubrición parcial do patio e instalación de aseo na rúa Belvís nº 21.-,

**LIC/1111/2006. ZOAR RESIDENCIAL S.L.-** Legalización e cambio de uso de vivenda a comercial na rúa Cruceiro do Gajo nº 17.-

**LIC/1179/2008. TÉCNICOS UNIDOS PARA LA CONSTRUCCIÓN SA TUCONSA.-** Colocación de grúa-torre na rúa do Espírito Santo nº 61.-

**FIANZAS.-**

**LIC/2722/2007. JOSÉ CASTELAO OTERO.-** Devolución de fianza depositada en garantía da licenza Lic/1404/206, importe 2.000 €.-

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Concédense axudas por un valor de 2.720 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Acórdase remitir á Comisión Executiva do Consorcio para a súa aprobación definitiva a axuda para a rehabilitación dun inmovible na praza de Cervantes, por importe de 4.650 euros.

**7.- Dar conta da participación no programa "Vivir o mundo 2008" organizado pola Deputación Provincial da Coruña.**

Dáse conta do devandito programa, que permitirá a 12 rapaces do municipio viaxar a Zaragoza entre o 15 e o 19 de xullo.

**8.- Autorización para a realización de horas extraordinarias no departamento de deportes.**

Autorízase una bolsa de 150 horas extraordinarias para o desenvolvemento do Día do Deporte o sábado 31 de maio.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do acto final do DÍA DO DEPORTE EN COMPOSTELA.**

Apróbase a celebración do devandito evento, o sábado 31 de maio, e o seu calendario de actividades, así coma un orzamento de 16.523 euros para o mesmo. A participación en todas as actividades será de balde.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do DÍA DA BICICLETA.**

Autorízase a actividade, o domingo 1 de xuño, e apróbase un orzamento estimado para a mesma de 7.962 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación de diversos gastos de mantemento de instalacións deportivas.**

Apróbase un gasto de 18.000 euros para arranxos; compras de materiais para o mantemento xeral, para os botiquíns, e de limpeza; e para o mantemento básico dos espazos verdes e axardinados das instalacións.

**12.- Gratificacións por servizos extraordinarios e plus de transporte.**

Apróbase o aboamento ao persoal de distintos departamentos municipais de gratificacións por servizos extraordinarios, por un importe total de 43.301 euros. Tamén se aproba o aboamento do plus de transporte do mes de abril a distintos departamentos, por importe de 952 euros.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda relativa ao pagamento do xusto prezo do Proxecto técnico de expropiación para o Xardín Botánico (1ª fase).**

Apróbanse os importes derivados das resolucións do Xurado Provincial de Expropiación, así coma o pagamento, de ser o caso, aos propietarios de cada unha das parcelas do xusto prezo. A cantidade final a pagar determinada polo Xurado é de 2.617.095,88 euros. Acórdase que sexa o Consorcio da Cidade de Santiago o que determine no prazo de 5 días o lugar, a hora e a forma para proceder ao pagamento ou consignación.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á toma de coñecemento do informe emitido polo Servizo de Programación e Proxección en relación co anteproxecto para a reurbanización da rúa do Home Santo e notificación ao Consorcio para a súa toma en consideración.**

Tómase coñecemento do devandito informe.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao Estudio de detalle para a rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre.**

Acórdase incorporar ao devandito Estudio de detalle a modificación proposta na localización dos ascensores formulada polo equipo redactor, así como someter ao trámite de exposición pública esta modificación.

**16 a 32.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre actividades económicas.**

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

**33.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense exencións a catro solicitantes.

**34.- Prórroga do contrato de Servizo de mantemento e reparación de vehículos municipais.**

Apróbase a prórroga por un ano do contrato suscrito coa empresa BREA MOTOR S.A. a contar dende o 31 de maio de 2008 ata o 31 de maio de 2009, así como a revisión do prezo de adxudicación conforme ás variacións correspondentes do IPC. O prezo máximo do contrato é de 114.000 euros/ano, sendo os prezos das prestacións a realizar de 35 euros/hora e de 7 euros/hora.

**35.- Modificación do contrato de asistencia técnica para a redacción do plan parcial do SUD-18 CANEIROS-BOISACA.**

Acórdase a modificación do devandito contrato, o que supón un incremento de 21.195 euros respecto do prezo primitivo do contrato, unha vez aplicada a baixa correspondente. O prazo para a realización dos traballos ampliarase en sete meses respecto dos nove inicialmente previstos.

**36.- Prórroga e revisión de prezos do contrato para a prestación do servizo de coordinación e dinamización dos espazos de lectura e xogo, por medio de obradoiros e de aulas e espazos integrados na rede sociocultural municipal.**

Acórdase a prórroga do contrato subscrito coa empresa ARASTI BARCA S.L. por un ano máis, a contar dende o 31 de maio, así como a revisión correspondente ao IPC. O prezo do contrato vixente é de 532.000 euros/ano.

**37.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación de diversos gastos para o programa de viaxes culturais "Coñecendo o País".**

Apróbase un gasto de 17.995 euros para o devandito programa, así como as características, prazos e normas do mesmo. As viaxes, que deben ser solicitadas polas asociacións veciñais, teñen un día de duración e celebraranse os sábados, domingos ou festivos.

#### URXENCIAS

1.- Acórdase subscribir os convenios de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia das bibliotecas José Saramago de Vite, Conxo e Fontiñas.

2.- Apróbase a orzamento (38.000 euros) e a proposta de actividades da Escola Municipal de Verán de Inglés, que se desenvolverá do 1 ao 31 de xullo.

3.- Apróbase o proxecto e adxudícanse á empresa CESPAS, S.A., por importe de 31.034 euros, as obras de acondicionamento forestal en execución do Plan de protección contra incendios forestais de núcleos urbanos para a campaña 2008, en colaboración coa Consellería de Medio Rural.

4.- Apróbase a realización dunha misión empresarial ao Estado de Salvador de Bahía (Brasil) do 1 ao 5 de xuño, cun custo de 11.881 euros.